FOLGA XERAL POLA VIVENDA · 11N

Para universidades

SE NON PODES PAGAR UNHA HABITACIÓN, NON PODES ESTUDAR NA UNIVERSIDADE PÚBLICA



poderinquilino.org

públicas asequibles y empleo estable, nos va a ir mejor a todas. El 11 de noviembre, la universidad también para.

Puedes apoyar de distintas formas, según tu situación:

- **Estudiantes:** sumarte al paro académico y a los piquetes informativos, llevar la huelga a tu asamblea de facultad o a tu delegación de estudiantes.
- **PDI, investigadoras y PTGAS:** hacer huelga (está convocada por los sindicatos y te cubre), informar en clase o en tu departamento, no fijar exámenes ni entregas ese día.
- **Todas:** colgar carteles, difundir la convocatoria y participar en el comité de huelga de tu campus o de tu barrio.

¿Te podemos dejar un cartel para tu clase o tu departamento?
¿Quieres que te avisemos de cuándo se reúne el comité de huelga de tu facultad?

A MESMA POLÍTICA QUE ASFIXIA A UNIVERSIDADE PÚBLICA CONVIRTE A VIVENDA NUN NEGOCIO

As administracións levan anos incumprindo o financiamento que a lei esixe para a universidade pública: hoxe invístese arredor da metade do comprometido. Mentres tanto, as universidades privadas non deixan de medrar e xa case hai tantas privadas como públicas. Coa vivenda pasa algo parecido: apenas hai prazas en residencias públicas a prezos asumibles, mentres os fondos de investimento constrúen residencias privadas que nas grandes cidades custan arredor de 1.000 euros ao mes. Quen pode pagar, estuda e vive en boas condicións; quen non pode, queda fóra ou acaba endebedándose. Non son dous problemas distintos: son cidades e universidades pensadas para quen ten cartos.
A túa universidade ten prazas en residencias públicas a un prezo que poidas pagar? Coñeces alguén que tivese que ir a unha residencia privada por non atopar praza nunha pública?

ESTUDANTES QUE VIVEN COA SÚA FAMILIA

AÍNDA QUE NON PAGUES ALUGUEIRO, A VIVENDA TAMÉN DECIDE O TEU FUTURO

Sabemos que moitas de vós vivides coa vosa familia e quizais pensades que esta folga non vai convosco. **Pero cantas horas pasas cada día no transporte para chegar ao campus? Escolliches a universidade ou o grao que querías ou acabaches estudando o que tiñas máis preto? E cando remates a carreira, poderás marchar da casa co salario que che agarda?** Non queremos que estudar dependa de ter unha vivenda familiar preto da facultade, nin que rematar a carreira signifique seguir sen poder independizarse. Por iso, esta loita tamén é túa.

SE NON PODES PAGAR UNHA HABITACIÓN, NON PODES ESTUDAR NA UNIVERSIDADE PÚBLICA

Sabemos o que custa chegar a fin de mes mentres estudas. Unha habitación nun piso compartido custa xa arredor dos 430 euros mensuais de media no Estado e nas grandes cidades universitarias supera os 600 euros. Dez meses de curso supoñen entre 4.000 e 6.500 euros só en alugueiro, moito máis ca matrícula. Cada vez máis compañeras traballan para pagar a habitación e estudan co tempo e a enerxía que lles quedan; outras renuncian a estudar fóra da súa cidade ou a cursar a carreira que querían.Non é un problema individual: é unha barreira de clase na porta da universidade pública. **Canto pagas ti por unha habitación? Cantas horas traballas para poder pagala?**

QUEN SOSTÉN A UNIVERSIDADE PÚBLICA NON PODE PAGAR UNHA CASA PRÓXIMA DELA

A universidade pública funciona grazas a profesoras asociadas e sustitutas, investigadoras predoutorais e posodoutaris que encadean contratos, e persoal de administración e servizos que moitas veces vive a unha hora ou máis do campus. A falta de financiamento foi parcheada con contratos cada vez máis precarios, e eses salarios xa non abondan para pagar un alugueiro nas cidades universitarias.

Canto tardas en chegar á túa facultade? Coñeces alguén que marchase da túa cidade ou deixase a universidade por non poder pagar a vivenda? Tes dúbidas sobre continuar na universidade debido á túa situación habitacional?

O 11N PARAMOS

Entendemos que custa parar un día: unha clase, unha práctica, un examen, un contrato que hai que renovar. Pero non facer supón seguir perdendo: compañeiras que deixan a carreira, investigadoras que marchan, prazas públicas que desaparecen. Se conseguimos regular os alugueiros e a universidade e unha universidade pública ben financiada, con residencias públicas a prezos asumibles e emprego estable, iremos todas mellor. O 11 de novembro, a universidade tamén para.

Podes apoiar de distintas de distintas maneiras, segundo a túa situación:

- **Estudantado:** súmate ao paro académico e aos piquetes informativos, leva a folga a túa asemblea de facultade ou a túa delegación de alumnado.

- **PDI, persoal investigador e PTXAS:** facer folga —está convocada polos sindicatos e conta coa cobertura correspondente—, informar nas aulas ou no departamento e evitar fixar exames ou entregas para ese día.

- **Todas:** colgar carteis, difundir a convocatoria e participar no comité de folga do teu campus ou barrio.

Podémoste deixar un cartaz para a túa clase ou departamento?, queres que che avisemos de cando se reúne o comité de folga da túa facultade?